

RESOLUCIÓN DA OFICIALÍA MAIOR PARA A COBERTURA EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE ADMINISTRATIVO/A DO SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR, AP64 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PARLAMENTO DE GALICIA, POR MOTIVOS DE URXENTE E INAPLAZABLE NECESIDADE

Convocada a comisión de servizos para cubrir o posto de administrativo/a do Servizo de Persoal e Réxime Interior (AP64), unha vez analizado o currículo presentado e visto o informe emitido polo Servizo de Persoal e Réxime Interior, ao abeiro do artigo 32.1.a) do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear en comisión de servizos para o desempeño do posto de administrativo do Servizo de Persoal e Réxime Interior (AP64), á funcionaria de carreira do Parlamento de Galicia María del Pilar Marzoa Vázquez, con NIF [REDACTED] por prazo de un ano, sen prexuízo da súa provisión definitiva con anterioridade ou da súa prórroga no caso de resultar preciso.

Á funcionaria en comisión de servizos reservaráselle o posto de traballo que ven ocupando ata agora e percibirá a totalidade das súas retribucións con cargo aos créditos incluídos nos programas en que figure dotado o posto de traballo que realmente desempeñe.

SEGUNDO.- Notificarlle a presente resolución ao Servizo de Persoal e Réxime Interior, á Intervención e Asuntos Económicos e á persoa interesada, indicándolle que deberá tomar posesión do posto no prazo de tres días hábiles a partir de ter recibido a notificación.

TERCEIRO. Publicar esta resolución na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

O letrado oficial maior.